

Loquios versais

Publicado o 15 Xaneiro 2016 por [Armando Requeixo](#)



Teño querenza de vello polo Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas por razóns doadas de explicar: é un certame único pola singularidade da temática a concurso e, amais, sostense co entusiasmo e bo quefacer da modesta Asociación Cultural Caldeirón e o apoio do entregue Concello de Malpica, sinerxía feliz que os ten levado xa ata esta novena edición, agardemos que simple preludio de moitas outras nonas eróticas que han de vir.


E escribo isto agora tendo diante un novo libramento afortunado como é o poemario [A outra voz](#), elaborado a catro mans por [Verónica Martínez](#) e [Alberte Momán](#), lírica colaborativa que fai converxer aquí os camiños que ambos creadores andaron de par estes últimos tempos, pois Momán ten sido editor de Martínez nalgún libro anterior (así en *Lusocuria*, aparecido no 2012 baixo o selo de O Figurante Edicións) e teñen participado por xunto en diversos proxectos colectivos.

Dáse a circunstancia, ademais, de que Martínez recunca no certame, pois fora xa finalista no 2013 con *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter* e tanto ela como Momán publicaron con anterioridade textos poéticos e narrativos nos que a Eros todo se debía.

[A outra voz](#) é, por tanto, un volume que nace da especial complicidade creativa dos que o asinan e que ten na violencia obstétrica e xinecolóxica o seu principal esteo temático. A partir deste eixe vertebrador, os poemas van tecendo unha rede de sentido na que esta difícil e desagradable realidade se percibe nidia na súa crúa dureza en comparación co sexo delicuescente e o desexo procurado ou se volve aínda máis trágica cando do que se trata é de poetizar sobre o aborto e a orfandade que produce nos, finalmente, non pais.

A visión da vulva como un territorio vulnerado, como imo profanado, percorre estas páxinas que queren ser un canto á recuperación do corpóreo non obxectualizado, do físico non protocolariamente degradado, na procura de que “a miña cona deixe de ser un centro comercial,/ ese non lugar observado, manipulado, mancado, seco, oco, furna,/ funeraria e estéril” tras pasar polas mans de certos obstetras maquinais, de determinadas xinecólogas asépticas que cumpren, con desgana, unha profesión que viven allea a calquera loira de humanidade, de compaixón ou tenrura, de identificación empática.

Estes poemas, (d)enunciativos, poboados polo inzo de tecnicismos cousificadores, espellan a complexidade do sentimento amoroso, sexual e procreativo, a deshumanización dos círculos de atención médica, a derrota e a desprotección aos que arrastran os abortos, baleiros no corazón peores que os propios legrados, témeras dexeccións de morte.



Había na nosa literatura última precedentes dunha estética que reflexiona versalmente sobre a centralidade do corpo, mais, ata onde sei, nada onde monograficamente o obstétrico e xinecolóxico todo o ocupase, agás algún avance dos propios autores (velaí “Test de embarazo positivo”, premiado no Certame Literario Rosalía de Castro en Cornellá no 2014). Neste sentido, Martínez e Momán reclaman o seu corpo eléctrico, fanse castigadores beatniks, desangran o útero Plath e chegan a este limes médico-erótico onde a metáfora telúrica de Berger tamén comparece.

Alén os espéculos, ecógrafos, lubricantes, luvas de látex, espátulas, anciños exocérvicos, xeles e padiolas resiste Amor e unha sombra luminosa confirma a rúbrica da paixón curativa: “Cómesme,/ ti que podes,/ cómesme,/ louva-a-deus,/ a carne toda até lamberme os periósteos./ Ábresme/ até partirme a pube e a pelve,/ e tentar facer dúas de min/ para gozarme de novo./ Até desbordar as miserias e as covardías,/ os medos e os traumas./ Ate o final,/ co orgasmo por meta,/ como indicativo da curación”.

Sandados polo verso, así ficamos os que lemos *A outra voz* de Verónica Martínez e Alberte Momán, un libro non amable do que tirar partido en tempos de loquios que extenúan.

[*El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol*, 15-11-2015]

Esta entrada foi publicada en [Crítica literaria](#), [Poesía galega actual](#) e etiquetada [A outra voz](#), [Alberte Momán](#), [Asociación Cultural Caldeirón](#), [Crítica literaria](#), [Poesía galega actual](#), [Verónica Martínez Delgado](#). Garda a [ligazón permanente](#).